

## 2. A CONFIGURACIÓN DO IMPERIO ESPAÑOL NO S. XVI<sup>1</sup>.

**ORIENTACIÓNS DA CIUG:** Nesta pregunta o alumnado deberá explicar a herdanza que recibiu Carlos I de súa nai, Xoana de Castela, e de seu pai, Felipe o Fermoso, para posteriormente comentar os cambios que sufriu ese conglomerado territorial na segunda metade do século: o reparto de posesións tras a súa abdicación entre o seu fillo Felipe e o seu irmán Fernando; a incorporación de Portugal e das súas posesións á monarquía de Felipe II; e a rebelión de Flandres, que contou co apoio inglés e foi un dos elementos que daría lugar á guerra contra Inglaterra.

**Estudo para a PAU:** Centrarse nos cambios nas relacións con Inglaterra, Flandres e Portugal en tempos de Felipe II.

A morte de Sabela a Católica en 1504 deu paso a unha curiosa situación: a súa filla Xoana converteuse en raíña de Castela e Fernando continúa sendo rei de Aragón. Ante a fráxil saúde mental de Xoana, será o seu marido, Felipe de Austria, quen actúe como verdadeiro monarca, pero este morrerá pronto (1506), o que levará a Fernando o católico a facerse cargo do reinado de Castela. En 1516 morre Fernando e o seu neto, Carlos, será proclamado rei de Castela e de Aragón, non sen múltiples resistencias por parte de ambos reinos, debido á crianza estranxeira de Carlos. Con Carlos iníciase o reinado da dinastía dos Austria (Habsburgo) na monarquía hispánica.

### A HERDANZA DE CARLOS I:



Debido á política matrimonial dos Reis Católicos, o seu neto Carlos herdará un territorio inmenso:

- Por parte da nai herda Castela e Aragón, co título de **Carlos I**, incluído o Reino de Nápoles e Sicilia, Navarra, as prazas no norte de África e os novos territorios descubertos, as chamadas Indias.
- Por parte dos seus avós paternos, Maximiliano de Austria e María de Borgoña, herda Flandres, o Franco Condado, e a partir de 1520 a coroa do Sacro Imperio Romano Xermánico, coa denominación de emperador **Carlos V**,

máis os territorios dos Habsburgo (Austria, Bohemia, Hungría).

A gran herdanza recibida alentou en Carlos a idea de crear unha **monarquía católica universal**. Así, loitou en nome do cristianismo contra os otománs en Europa Oriental e no Mediterráneo, e contra os protestantes en territorios alemáns e dos Países Baixos. Estas guerras contra os príncipes alemáns rematan coa Paz de Augsburgo (1555), onde se recoñece a división relixiosa do imperio alemán. Un ano máis tarde, Carlos I abdicará no seu irmán Fernando a coroa de Emperador e os territorios patrimoniais dos Habsburgo, e no seu fillo Felipe, o resto de títulos.

### O REINADO DE FELIPE II (1556-1598)

<sup>1</sup> Para a redacción desta pregunta engadín material e reorganice os textos de Andrea Montero do IES da Guía [<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/aulavirtual/course/view.php?id=37>] e do IES San Rosendo [[https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanrosendo/aulavirtual/course/view.php?id=2^\\*](https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanrosendo/aulavirtual/course/view.php?id=2^*)].

Felipe II personalizará un modelo de autoritarismo monárquico máis perfeccionado. A diferenza do seu pai, gobernará dende Castela, creando unha capital permanente, Madrid (1561). Para gobernar valeuse dun poderoso exército permanente, onde destacaban os **terzos**, e dunha complexa administración que dirixiu persoalmente de forma case obsesiva.

Felipe II herda, polo tanto, un extensísimo territorio. A todo isto engadiralle en 1580 o **reino de Portugal**, debido á morte do rei Sebastião I, primeiro, e de Henrique I, despois, sen descendencia. Habendo varios candidatos ao trono, Felipe II (neto do que fora Manuel I de Portugal) e vendo que Antonio, prior de Crato, se auto proclama rei, invade Portugal cun exército que consegue unha rápida vitoria en Alcántara. Felipe II, I de Portugal, será aceptado polas Cortes portuguesas en troques de respectar as leis e institucións do reino. Este novo título conseguirá reunir baixo un mesmo rei todo o territorio peninsular, a chamada Unión Ibérica. Portugal continuou gozando de independencia na práctica, xa que só se tratou dunha unión na persoa do monarca. Esta unión significou que os territorios africanos e asiáticos de Portugal pasan a depender de Felipe II. Agora si, Felipe II reinaba no “imperio onde non se puña o Sol”.

A política exterior de Felipe II aliñouse coa da seu pai: a defensa do catolicismo e o mantemento dos territorios en Europa e ultramar. Isto deu lugar a numerosos conflitos. Podemos nomear a **Guerra contra Francia** que chega a unha tregua tras a Batalla de San Quintín (1557) e o posterior casamento con Sabela de Valois, filla do rei francés; A Guerra contra o **Imperio Otomán** que continuou a idea de “cruzada” do seu pai na súa loita contra o Islam. Venceron aos turcos na Batalla de Lepanto (1571) nas costas gregas, o que supuxo un freo na expansión dos otománs polo Mediterráneo. Na península temos que destacar a rebelión das **Alpuxarras** de 1567-1570 onde os mouriscos de Granada rebélanse contra a prohibición do uso da lingua árabe e das vestimentas tradicionais.

Con todo, destacamos dous conflitos onde nos pararemos con algo de máis detalle

#### **GUERRAS EN FLANDRES:**

As principais causas da guerra, que durará 80 anos, son de natureza relixiosa, co choque co protestantismo; política, coa vontade de secesión do territorio da Monarquía Hispánica, e económica, pola suba continua de impostos por parte de Felipe II. O rei, que non falaba flamengo, realizou unha serie de reformas relixioso-administrativas que desgustaron á nobreza local. Felipe II respondeu, nun primeiro momento, con medidas de forza, enviando ao Duque de Alba. Este exerceu unha severa represión, axustizando aos líderes da rebelión, o que propiciou un levantamento xeral en 1566 e en 1568. Felipe II nunca conseguiu someter a Flandres. Co tempo, o sur católico aceptará a autoridade de Felipe II (Unión de Arras, 1579), fronte o norte (Provincias Unidas de Holanda), liderado por Guillerme de Orange, que continuou a rebelión non recoñecendo a autoridade real (Unión de Utrecht, 1579).

#### **GUERRA CONTRA INGLATERRA:**

As relacións con Inglaterra eran boas. Felipe II estaba casado con María Tudor, herdeira ao trono do seu pai Henrique VIII, mais a morte de María sen descendencia, apartou a Felipe II do trono inglés. Sabela I de Inglaterra, firme defensora do protestantismo, será coroada raíña. Este feito, sumado aos intereses no comercio con América, do que Castela tiña o monopolio, o apoio de Sabela aos rebeldes protestantes dos Países Baixos e a execución da raíña de Escocia, a católica María Estuardo (1587), iniciaron un ciclo de hostilidades. Inglaterra comezou a súa política de financiación de corsarios que atacaban á frota de Indias e de apoio aos independentistas flamencos.

Ante esta situación, Felipe II planifica a invasión de Inglaterra en 1588, coa creación dunha **Gran Armada**, a posteriormente coñecida como Armada Invencible. A frota saíu de Lisboa, recalou en A Coruña e dirixiuse a Flandres para embarcar aos Terzos. Debido ás adversidades meteorolóxicas e á mala planificación, este plan resultou un fracaso, con gran parte desta armada afundida. Foi a primeira gran derrota da monarquía hispánica, aínda que Inglaterra non obtivo ningún beneficio desta vitoria.

Todos estes conflitos causaron un enorme custo para a economía española. O propio Felipe II declara o reino en bancarrota no ano 1597. Esta situación será herdada polo seu sucesor e fillo Felipe III, entrando xa no século XVII.